



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL: (13) AZAFATAS/OS EXPOORDES 2019 (EXPDTE. 2019/E001/000002)**

#### **PRIMEIRA FASE: FASE DE CONCURSO (Avaliación méritos). RECLAMACIONES**

En Ordes, a 16 de abril de 2019, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas do Concello o Tribunal que ha de xulgar a **CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL (13) AZAFATAS/OS EXPOORDES 2019**, convocada por resolución de alcaldía de data 28 de marzo de 2019.

Asisten:

- Presidente: Jesús Carreira Salvadores (Técnico de Administración Xeral, Tesoureiro).
- Vogais:
  - Javier Siro Suárez Rodríguez (Interventor Xeral).
  - Rocío Varela Rodríguez (Administrativa área Tesourería).
  - Yolanda Cela Villaverde (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local).
- Secretaria: Yolanda Castro Mosquera (Funcionaria de Administración Xeral. Subescala Administrativa), que actuará con voz, pero sen voto.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas polos aspirantes, no prazo concedido ao efecto, contra a valoración efectuada dos méritos presentados.

**I.- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR SOHNA TOURAY**, con data 15/04/2019, rexistro de entrada nº 1244. Solicitando a valoración como situación sociolaboral segundo o establecido na Base 9 (Proceso Selectivo. Primeira Fase: Fase de concurso. Apartado 2) as dificultades de integración por ser persoa de nacionalidade estranxeira, de orixe africano e con dous anos de residencia en Ordes, así como pertencer a unha familia numerosa.

As situacións sociolaborais que constitúen méritos que poden ser valorados por este Tribunal de Selección aparecen enumeradas de forma expresa na Base 9 (Proceso Selectivo. Primeira Fase: Fase de concurso. Apartado 2), así como os documentos que permiten acreditar esas situacións. As situacións sociolaborais derivadas de condicións laborais, familiares ou persoais para a súa toma en consideración deben acreditarse necesariamente mediante a presentación dun informe dos servizos sociais municipais, que debería terse aportado dentro do prazo de presentación das solicitudes de participación neste proceso selectivo. Documento que non é subsanable (art. 69 Lei 39/2015, de 1 de outubro. LPACAP)

Tendo en conta o anterior procede a desestimación da reclamación suscitada, mantendo a valoración de méritos realizada, así como a puntuación outorgada.

**II.- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR NOELIA GARCÍA MÉNDEZ**, con data 14/04/2019, 20:21 horas, no correo electrónico [info@ordes.gal](mailto:info@ordes.gal). Solicitando a valoración como mérito o coñecemento do idioma galego ao ter presentado o título de bacharelato cursado en Galicia expedido polo IES Antonio Fraguas Fraguas de Santiago de Compostela.

De conformidade co establecido no art. 16 e art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a reclamación formulada pola aspirante tiña que ser presentada no Rexistro Xeral do Concello Ordes de forma presencial, telemática a través da sede electrónica do concello (<https://sede.ordes.gal/opencms/gl/>) ou nos rexistros ou oficinas sinalados no art. 16.4 LPACAP. O correo electrónico [info@ordes.gal](mailto:info@ordes.gal) non está habilitado polo Concello de Ordes



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

como medio válido para a presentación de escritos ante esta entidade local, unicamente é un medio para a realización de consultas xerais que non dan lugar a iniciación, tramitación ou actuacións nun procedemento administrativo.

A pesar do sinalado anteriormente vai a analizarse o contido material da reclamación suscitada.

Segundo o establecido na Base 9 (Proceso Selectivo. Primeira Fase: Fase de concurso. Apartado 3) o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante a presentación de certificado de nivel.

Pola aspirante para a valoración como mérito do idioma galego debería terse presentado un certificado expedido polo IES Antonio Fraguas Fraguas de Santiago de Compostela segundo o establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG nº 146, de data 30/07/2007) e en cuxo art. 10 (Validacións), se establece: "As validacións polos certificados aquí regulados son as indicadas no anexo I desta orde. As validación das materias de lingua galega de EXB, primaria, secundaria e formación profesional polos niveis de competencia Celga que se citan no anexo I serán expedidas, segundo o modelo que figura no anexo II, polos/as secretarios/as dos centros que custodian as cualificacións, logo da correspondente solicitude feita polo/a interesado/a".

Tendo en conta o anterior procede a desestimación da reclamación suscitada, mantendo a valoración de méritos realizada, así como a puntuación outorgada.

**As puntuacións finais, PRIMEIRA FASE: FASE DE CONCURSO (Méritos), unha vez examinadas as reclamacións presentadas, son as seguintes:**

ASPIRANTE	DNI / NIE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	SITUACIÓNS SOCIOLABORAIS	IDIOMA GALEGO	PUNTUACIÓN TOTAL
Rey Moar, Estela	4*9*9*5*J	1,80	1,00	0,50	3,30
Mouciño Gómez, Lucía	2*6*4*4*K	0,60	1,00	1,00	2,60
Ríos Calviño, Iria	4*3*2*0*L	0,60	1,00	1,00	2,60
Sánchez Bello, Samuel	7*8*2*4*K	0,60	1,00	1,00	2,60
Garea Martínez, Aida	4*9*6*2*M		1,00	1,00	2,00
Grela Beres, David	4*9*6*2*V		1,00	1,00	2,00
López Rivera, Gissella Flora	5*0*1*8*F		2,00		2,00
Mirás Gende, Eva	4*9*6*1*S		1,00	1,00	2,00
Montaldo Maroño, Alfonsina	4*8*0*0*H		1,00	1,00	2,00
Portas Rodríguez, Iria	5*4*7*9*A		1,00	1,00	2,00
Ramos Gonzaga, Sorraylla	5*2*1*6*T		1,00	1,00	2,00
Rodríguez Noya, José Iván	4*2*2*1*N		1,00	1,00	2,00
Garea Martínez, Andrea	4*9*6*2*Y		1,00	0,50	1,50
Mosquera del Río, Brenda	5*1*0*1*W		1,00	0,50	1,50
Andrade Fraga, María Inés	7*3*3*9*R			1,00	1,00
González Carnero, Odilo	4*8*8*5*D			1,00	1,00
Iglesias Barreiro, Natalia	4*8*3*4*M			1,00	1,00
Regueiro Docampo, Vanesa	4*9*8*4*R		1,00		1,00
Regueiro Docampo, Verónica	4*9*8*4*T		1,00		1,00
Valiño Rozas, Laura	4*8*4*4*C		1,00		1,00
Huaman Ramos, Cinthya Magdalena	4*0*1*7*G				0,00
Martínez Celis, Nasy Lucía	4*4*7*4*Y				0,00
Montes Camba, Ana	7*8*2*3*H				0,00
Moura (de) Alves, Samia Cristina	5*6*2*3*D				0,00
Neira Gestal, Daniel	4*0*1*9*H				0,00



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)


Pallas Otero, María	4*9*0*6*L				0,00
Sánchez Sueiro, Tamara	4*3*2*0*P				0,00
Seijas Lareo, Natalia	4*8*6*5*S				0,00
Suárez Tojo, María Inés	4*8*0*9*K				0,00
Touray, Sohna	Y*1*3*1*D				0,00
Vázquez Prieto, María Yesica	4*3*8*3*R				0,00

O Tribunal acorda que se publiquen os resultados coas puntuacións asignadas a cada aspirante no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as dez horas e quince minutos do día ao principio sinalado, de todo lo cal certifico.

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección poderá interperse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recuso de alzada previsto nos arts 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.


O Presidente



Jesús Carreira Salvadores



A Secretaria



Yolanda Castro Mosquera